

MARIVÍ VILLAVERDE: A MIRADA LIMPA.

Foi unha intensa fin de semana, para min comezou o venres coa *Cea da República* programada xunto con outras actividades que se desenvolveron ao longo desa semana pola *Comisión pola recuperación da Memoria Histórica da Coruña*. Prólogo da cea foi a presentación do libro *A represión franquista na comarca da Coruña* do proxecto Nomes e Voces (o libro recolle as semblanzas das 600 persoas asasinadas, así como numerosas fotografías), para rematar este preámbulo á cea presentouse a proxección do audiovisual sobre as vítimas da represión franquista. Remataba o acto coa entrega da distinción de *Republicana de honra 2012 a Mariví Villaverde*. Coñecer e conversar con Mariví Villaverde foi todo un luxo. Quédome coa súa sabia sinxeleza que me chegou dun xeito engaiolante. A súa mirada limpa, onde latexa a turbulencia do eco lonxano dun barco o Massilia no que tivo que exiliarse xunto cos seus pais, máis adiante virían outros barcos e outros exilios. A conversa con ela (palabras como enigmas descifrados) levou un ritmo pousado de reforzo na denuncia de non esquecer o pasado, precisamente para que non se achegue de novo. Esta muller de aparencia fráxil é un retrato completo, unha polifonía de lembranzas, unha paisaxe onde mora a resonancia do tempo. Falei con ela de literatura e de teatro: “*Tres tiempos y una esperanza*” da súa autoría, e da obra de teatro “*As bágoas do demo*” do seu esposo Ramón de Valenzuela, peza na que ela entrevistou cando se estreou en Bos Aires. As dúas coincidimos que o teatro é unha paixón que cando che da alcance, xa non te deixa. As lúcidas palabras que máis tarde nos transmitiu aos presentes foron camiño coas lindes moi definidas. Despedínme dela ata o día seguinte, íamos coincidir no *Campo da Rata*. A mañá do sábado espertou desacougada: vento-frío-choiva, a pesar disto, a cita no Campo da Rata co gallo da celebración do memorial ás vítimas do franquismo permanecía impertérrita como os monolitos, monumento adicado aos fusilados polo réxime franquista na Guerra Civil Española. O Campo da Rata, ese espazo azoutado esa mañá pola inclemencia do tempo, foi o lugar utilizado como campo de fusilamento de centenas de persoas polos sublevados contra ao réxime lexitimado polo pobo: A República. Unha das persoas coas que estaba a falar esa mañá tivo a idea de achegármonos ao monumento coa finalidade de salvagardarnos minimamente da hostilidade do tempo. Este monumento, obra do insigne Isaac Díaz Pardo, está composto de bloques de granito emulando aos grandes megalitos prehistóricos, é unha homenaxe ás vítimas da represión franquista, está manchado de pintura vermella simbolizando o sangue dos fusilados. Outras persoas tiveron a mesma idea de resgardarse do rigor da borrasca e fomos compoñendo un grupo, nunha tentativa desesperada de soportar o rigor do tempo. O mar bramaba e del saían voces. Pertrechámonos cos paraugas. Eramos un agrupamento blindado por diante e polos lados, por detrás o monumento coas aberturas como fendas poderosas deixaba ver o mar encolerizado. Eu non puiden por menos que lembrar nese mesmo lugar ao grupo de fusilamento neste caso choiva-vento-frío... e nós como un fato de persoas vulnerábeis ao antollo da orde que lle deran ao pelotón. O ceo estaba tenebroso, soamente a prodixiosa voz de María Callas emerxeu cara a ese tétrico ceo e puxo orde aos elementos, acubillounos dende as voces mortas dos devanceiros. Alí permanecemos sen derrubarnos, non había pistolas apuntándonos, e uns aos outros animabámonos que melloraría o tempo. Resistimos porque a choiva-vento-frío non estaban

cargados de metralla. Foi un lóstrego intensamente certo. O marabilloso foi ver aparecer a silueta de Mariví Villaverde como un bloque de granito que cobraba vida, unha escultura inmortal que camiñaba a modiño e con solemne firmeza. Sorrín porque comprendín que na retina da memoria hai que apreixar as cousas que merecen a pena e o perfil de Mariví achegándose cara a nós tiña que *perdurar na fugacidade do tempo presente* como o meu adorado Tabucci di no seu libro de relatos titulado: “El tiempo envejece deprisa”.

Olga Patiño Nogueira

(A Coruña, 14-Abril-2012)